



## Concello de Campo Lameiro

---

### **PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE PARA ACCEDER AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 2 E 3 DE CUALIFICACIÓN**

#### **OBXECTO:**

O OBXECTO desta resolución é convocar probas de avaliación en competencias clave para o acceso ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR306A).

#### **COMPETENCIAS CLAVE QUE SE CONVOCAN**

1. Convócanse probas nos dous niveis de cualificación profesional 2 e 3, nas seguintes competencias clave:

- Comunicación en lingua galega.
- Comunicación en lingua castelá.
- Comunicación en lingua estranxeira (inglés).
- Competencia matemática.

2. As competencias clave requiridas para todos os certificados de profesionalidade das 26 familias profesionais do Repertorio nacional de certificados de profesionalidade para os niveis de cualificación 2 e 3, son competencia matemática, comunicación en lingua castelá e comunicación en lingua galega.

A competencia de comunicación en lingua estranxeira soamente se require nos certificados de profesionalidade que teñen un módulo formativo de lingua estranxeira e que se especifican no anexo VI desta resolución.

#### **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO**

1. O prazo para presentala é a partir do día seguinte á publicación da resolución no DOG ata o 29 de marzo de 2019. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/tramites-eservizos/chave365>). Consultar o artigo 5 da citada orde.

2. A documentación que as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude é a que se esixe no artigo 6 da citada Orde.

---

#### **Concello de Campo Lameiro**



## Concello de Campo Lameiro

---

REQUISITOS DE ACCESO Á FORMACIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE. EXENCIÓNS E VALIDACIÓNS ÁS PROBAS DE AVALIACIÓN: cómpre establecer as posibles exenciós ás probas e validaciós das distintas competencias clave, así como consideraciós sobre a expedición de certificados de profesionalidade. Consultar os artigos 3 e 4 da Orde de convocatoria.

### **REALIZACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE.**

O/a candidato/a realizará unha proba por cada unha das competencias clave convocadas nas cales se inscribise. A duración da proba en cada competencia clave é dunha hora. (consultar o artigo 9).

Os/as interesados/as poderán consultar a Orde de convocatoria que se xunta neste texto informativo. Tamén poderán consultar co INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS da XUNTA DE GALICIA.

### **NORMATIVA**

RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación (código de procedemento TR306A) da Consellería de Economía, Emprego e Industria. (DOG núm. 44 do luns, 3 de marzo de 2019).

### **ADXUNTOS**

[Descargar PDF](#)